

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA", PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LECER BUSCANDO A CALIDADE DE VIDA E A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL A TRAVÉS DO DEPORTE E ALTERNATIVAS DE OCIO ADAPTADAS DIRIXIDAS AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS PARA O EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual Special Olympics Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice SPECIAL OLYMPICS Galicia dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actividades deportivas adaptadas e de ocio que ten previsto desenvolver Special Olympics no ano 2024.

É do interese da Consellería de Política Social e Igualdade promover a través da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade aquelas iniciativas executadas polas entidades de iniciativa social orientadas a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias, promovendo o deporte, a cultura e o ocio con fins terapéuticos e rehabilitadores e como vías para facilitar a súa integración social e desenvolvemento persoal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

